

PLANO ANUAL DO I.E.S. MARÍA SOLIÑO

para o curso 2007-08

Aprobado na reunión do Consello Escolar do día 9 de outubro de 2007

1.- Documentos de **organización docente** do instituto.

O plano anual está, neste aspecto, fortemente condicionado polo calendario de implantación da LOE.

Como consecuencia da entrada en vigor da mesma durante este ano académico nos cursos de 1º e 3º de ESO, e segundo se recolle no Decreto que regula as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, o centro debe iniciar a elaboración dos seguintes documentos:

1. Reformulación dos obxectivos xerais de ESO para adecualos ao contexto socioeconómico e cultural do centro, e ás características do alumnado, tendo en conta o establecido ao respecto no propio proxecto educativo.
2. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias básicas.
3. Proxecto lingüístico.
4. Incorporación, a través das distintas áreas e materias da educación en valores.
5. Criterios xerais sobre a avaliación e promoción do alumnado.
6. Liñas xerais de atención á diversidade.
7. Plans específicos para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
8. Proxecto lector de centro.
9. Plano de integración das tecnoloxías da información e da comunicación.
10. Plano de convivencia, facendo especial atención á promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e á prevención de violencia de xénero.
11. Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión.
12. Liñas xerais para a elaboración dos planos de orientación e acción tutorial.
13. Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

2.- **Consello Escolar**

Para dar cumprimento ás disposicións legais debe constituírse un Observatorio da convivencia Escolar e preténdese que do mesmo xurdan pautas de actuación que permitan darlle a este tema un enfoque distinto ao do curso pasado: cremos que cómpren máis actuacións de carácter preventivo que eviten na medida do posible a proliferación de accións contrarias ás normas de convivencia e as conseguíntes sancións.

Estas pautas de actuación constituirán o plano de convivencia que o centro debe elaborar.

Ademais debe constituírse unha comisión de seguimento do programa de

gratuidade de libros de texto.

3.- Normalización lingüística

É propósito da dirección favorecer o cumprimento da nova lexislación nesta materia apoiando ao profesorado que imparte as clases en galego, por exemplo, facilitando a adquisición de material didáctico ou coas medidas concretas que se consideren convenientes.

Apoiaranse, como en anos anteriores, as propostas do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e da persoa que coordina o mesmo.

4.- Potenciación da **participación do alumnado na vida do centro**.

É un tema onde consideramos posible e necesario un maior esforzo. Pretendemos que a Xunta de Delegados se reúna de xeito periódico e non case exclusivamente cando hai folga ou por convocatoria do equipo directivo, e comprometémonos a dar resposta ás propostas razoables que mesma poidan xurdir.

Por outra parte, consideramos tamén necesario que o alumnado se involucre na prevención e na resolución dos conflitos de convivencia que poidan producirse.

5.- Actuacións para fomentar a **conservación das instalacións e material** do centro. Propoñemos as mesmas actuacións do curso pasado:

a) envío dunha carta a principio de curso ás familias, indicando que cada persoa é responsable do material que o centro pon á súa disposición e que se deberá facer fronte ao seu pagamento en caso de deterioro intencionado ou negligente, tal como se fixo o curso pasado.

b) intervención artística nalgunha zona do instituto por parte do alumnado; xa se traballou o curso pasado neste tema e durante este intentarase levalo a cabo.

c) realización dunha campaña de sensibilización (p.ex. mediante un concurso de lemas publicitarios alusivos, murais, etc.), que non chegou a realizarse o curso pasado.

6.- Infraestruturas

Seguiranse reclamando á Delegación e ao Concello case as mesmas intervencións xa reclamadas o curso pasado:

- Reparación da cúpula e do pavimento do pavillón.
- Aproveitamento de espazos (casa do conserxe e local anexo ao ximnasio)
- Cerramento da zona do pavillón e conexión desta co edificio principal.
- Conexión á rede de auga pública.
- Reparación do pavimento da estrada de acceso.
- Conservación e adecentamento da contorna do centro.

7.- Plano de autoprotección

Propoñemos levar a cabo a aplicación práctica do documento elaborado o curso pasado, con todas as medidas de control e seguridade establecidas, e a realización dun simulacro de emerxencia no primeiro trimestre do curso, despois de explicar a todo o persoal do centro as medidas de evacuación previstas.

8.- Funcionamento da **Biblioteca**

Preténdese a continuidade do traballo levado a cabo o curso pasado e do equipo que participou no mesmo.

O centro reservará unha cantidade de diñeiro, que fixará a Secretaria do centro oído o equipo responsable, para o funcionamento da Biblioteca

9.- **Actividades complementarias e extraescolares**

Preténdese a participación significativa do alumnado e profesorado nas actividades complementarias de carácter festivo que se realicen no centro; considérase preferible renunciar ás mesmas cando a participación prevista sexa escasa.

Para as saídas de carácter complementario (visitas a museos, exposicións, obras teatrais, audicións musicais,...) insistírase, como o curso pasado, na conveniencia da participación de todo o alumnado do curso para o que foi programada a actividade. En todo caso haberá constancia no instituto de que a familia do alumno coñece a súa participación ou non na mesma.

Consideramos necesario que os distintos departamentos realicen unha especie de calendario fixo de actividades de tal xeito que o alumnado ao longo do seu paso polo centro realice unha serie significativa de visitas de estudo, sen repetir as mesmas en anos sucesivos.

Das actividades extraescolares que se realizaban os mércores pola tarde consideramos que unicamente debe manterse o Obradoiro de Teatro, tanto por número de alumnos como por continuidade. O instituto e a ANPA encargaranse conxuntamente do pagamento dos medios de transporte precisos para esta actividade.

As actividades e normas de realización das mesmas previstas para este curso recóllense no documento específico de Vicedirección que se xunta.

10.- Uso das **tecnoloxías da información e da comunicación**.

- Continuarase o traballo iniciado o curso pasado, coa dedicación horaria posible dunha persoa responsable do mantemento dos equipos informáticos.
- Redactarase o plano de integración das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Fomentarase o uso do software libre entre o alumnado e informarase das

posibilidades que ofrece para o alumnado o sistema SIEGA.

- Daranse a coñecer ao profesorado as posibilidades de introdución de contidos na páxina web do centro.
- Implantarase o sistema de comunicación coas familias mediante mensaxes a móbiles.